




Brixela

Brixela

Brixela é un lugar de lousas molladas que nunca termina. As pedras brillan cun reflexo que non vén de ningún sitio, os farois acéndense no momento exacto no que ti reparas neles, como se te estivesen agardando. É un proxecto musical formado po Pedro Díaz (canto e pandeireta), Xan Pampín (acordeón e bombo) e Manuela Fraguela (zanfona). O noso vínculo común é a música tradicional, tanto galega como de outras culturas, fonte de inspiración e sempre presente nas nosas composicións.

O noso primeiro traballo, Filigrana, é un estudo da xoiería tradicional tan presente no noso traxe e con tanto significado. Descubrimos xoias que traballaron como amuletos, outras axudaron á supervivencia de familias enteiras, outras representaron amor, familia, tradición... O verdadeiro valor das xoias non está nos materiais ou no peso.

As letras e músicas deste traballo queremos presentalas nunha posta en escena sinxela, algunhas pezas feitas para escoitar e outras para arrancase a bailar. Diferentes ritmos, distintas intensidades, calma, alegría, tristura e mesmo euforia... Así é a Filigrana.




Comecei no mundo do folclore con 12 anos, nunha escola de gaita. A partir dese momento aprendín outras disciplinas como canto e pandeireta ou baile tradicional, nas Escolas Tradicionais do Padroado de Cultura do Concello de Narón.

Máis adiante formei parte durante pequenas tempadas das pandeireteiras Argallo, da Asociación Cultural Xacarandaina da Coruña ou dos pandeireteiros de Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela. A día de hoxe son mestre de baile tradicional e pandeireta en diferentes entidades da comarca de Ferrol e son compoñente do grupo de música e baile tradicional Alxibeira de Narón e dos pandeireteiros da Asociación Cultural As Caldupeiras, do mesmo concello.




Pedro Díaz

A man with a brown cap and a black shirt is holding a brown accordion. He is looking upwards and to the right. The background is a stone wall. The accordion has "BRANDONI" and "Kingline" written on it.

Son Xan Pampín, de Santiago de Compostela. Estudei Maxisterio na especialidade de Música e exerzo como mestre, arranxista e compositor. Fun mestre de acordeón tradicional na Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos e no Obradoiro de Cultura Tradicional Ultraia.

Ao longo da miña traxectoria, pasei por diversas formacións, algunhas nadas das miñas propias inquedanzas e outras xurdidas das inquedanzas de compañeiros músicos. Entre elas están Xochilmica, Pesdelán, Ailá, Xiro, A Banda das Crechas, Radio Cos,

Xan Pampín



Eu son Manuela, teño 18 anos e son de Narón. Son alumna de zanfona de Óscar Fernández, primeiro na Escola de Música Tradicional de Narón e agora en Acentral Folque. Óscar e eu tivemos un dúo, Xemelgas, e dende fai dous anos formo parte do grupo Ailá como zanfonista, o que me permite seguir aprendendo deste mundo que tanto me atrae e me resulta tan bonito.

Aprendín de folclore no Grupo Etnográfico das Mariñas de Ferrol, na Escola de Gaitas de Ortigueira e, na actualidade, na Asociación Cultural As Marías, no grupo María Raxeta.

Actualmente estou vivindo en Santiago de Compostela, estudo Educación Primaria e paso a vida entre a música, o remo e os estudos.

Estou ilusionada polo comezo deste novo proxecto do que agardo que me axude a seguir vivindo momentos maravillosos.

Manuela Fraguela

A VENERA

Na túa camisa branca
alumea alfaia de ouro
Na túa camisa branca
alumea alfaia de ouro
no teu peito de diamante,
roto.

Deixo en ti venera a miña rendición,
réndeme se ves que houbo traizón
ai lalalala la lalala
dáme alento na paixón

O mal dunha muradana
escoita estobos de esparto
cando parece que sofren
soben cos remos en alto
o mal dunha muradana
de esparto.

Deixo en ti venera a miña rendición,
réndeme se ves que houbo traizón
ai lalalala la lalala
dáme alento na paixón

Deixo en ti venera a miña rendición,
réndeme se ves que houbo traizón
ai lalalala la lalala
dáme alento na paixón

"Esta peza xurdiu despois de ler un fragmento do libro 'O Traxe Muradán' de Francisco Rodríguez Fernández no que fala das Veneras. Fíxome pensar e imaxinar momentos nos que as mulleres muradás lucían estas prendas. Imaxinei unha muller enferma polo desamor e a desesperación, agarrada a esa venera que tanto lle deu e tanto lle quitou".

Manu Fragueta

CORAZÓN de FILIGRANA

**Cando vaias por Santiago,
non te confundas rapaza, (bis)
que hai alí moitos prateiros
que traballan coa chatarra (bis)**

**Por moito que me pretendas
de min non vas sacar nada (bis)
a min gústanme os amores
de ouro fino e filigrana (bis)**

**Fuches a ver un orfebre
pola rúa de San Pedro(bis)
ten cuidado miña nena
ese traballa co ferro (bis)**

**Cando te achegues a min
mira ben o que me tras(bis)
que só me gustan as prendas
con acibeche e coral (bis)**

**Cando chove e quenta e sol
brillan as rúas de pedra (bis)
mira ben que non tropeces
nun reflexo de madeira (bis)**

**Non teño tempo para nada
a paciencia está acabada (bis)
quen me queira conquistar
corazón de filigrana (bis)**

"A filigrana é unha técnica que consiste en fabricar fíos moi finos cun metal, habitualmente ouro ou prata, formando un debuxo semellante a un encaixe. Xunto cos fíos de metal úsanse minúsculas pingas que se unen entre si".

Susi Gesto, ourive de Santiago de Compostela.

O corazón de filigrana é unha xoia moi estendida no norte de Portugal, sobre todo en Viana. Para os portugueses é símbolo de amor e devoción.

ACIBECHES e AMOR



Dende a nai da miña nai
levan un colar herdado
de acibeche e de amor
sempre foi así legado

Cando teño soidade
e as levo no corazón
busco nel unha raiola
e atopo a súa voz

Non é xoia nin é pedra
é un fío atado a elas
non é xoia nin é pedra
é o fogar das miñas veas

Ao mirarme no espello
coa xoia no meu reflexo
vexo os ollos da familia
ollándome dende o peito

E se un día teño fillas
unha alma que coidar
pasareille esta semente
para que aprenda a camiñar

Non é xoia nin é pedra
é un fío atado a elas
non é xoia nin é pedra
é o fogar das miñas veas

Lerelelerelele
lerelelerelele

O día que eu me vaia
cando o río chegue ao martes
levarei con cada pinga
unha historia que contar

Quedarán neste colar
pasarán ás vosas mans
e ao pousar as mans na xoia
sentirédela brillar

Non é xoia nin é pedra
é un fío atado a elas
non é xoia nin é pedra
é o fogar das miñas veas

O valor das xoias non está no material do que están feitas. Tampouco está no peso nin no deseño.
O seu valor está no que representan.

PACTO RECTO

**Cinco días, catro noites
tempo de grande penar,
cinco días, catro noites
de espuma branca no mar.**

**Podo xurar e dicir
ninguén mo pode negar,
que o que me deu este mundo
o vento foimo levar**

**Lerelele Lerelele
Lerele lerele lelere**

**Cinco días catro noites
sen poder saír ao mar,
sen encher o aparello
e con moito que saldar**

**Ao remate do axexo,
antes de que saia o sol
hei de coller o tesouro
que gardo no meu caixón**

**Lerelele Lerelele
Lerele lerele lelere**

**Estas son as miñas prendas
entrégoas con pena e dor
son as que levou no peito
a filla do meu avó**

**Xa chegou o mar de fondo
trae xustiza no seu son
o que debías ao tempo
voltará ao corazón**

**Lerelele Lerelele
Lerele lerele lelere**

**Sapos, brincos e veneras
todo ouro e tradición
non as levedes moi lonxe
que mañá ha saír o sol**

As xoias tradicionais, utilizáronse en numerosas ocasións como moeda de cambio para saldar débedas. As familias entregábanllas aos "usureiros", estes a cambio dábanlles cartos e estipulaban un prazo no que podían recuperar as xoias a cambio de devolver os cartos prestados acompañados de suculentos intereses. Este acordo, segundo Francisco Rodríguez no libro "O Traxe Muradán" chamábase Pacto Recto.

NOME ARTÍSTICO: BRIXELA

COMPOÑENTES:

PEDRO DÍAZ GONZÁLEZ

DNI: 32725786Y

VOZ E PANDEIRETA

XAN PAMPÍN IGLESIAS

DNI: 44820146T

ACORDEÓN E BOMBO

MANUELA LÓPEZ FRAGUELA

DNI: 32726842G

ZANFONA



@brixela_